

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022.

Sendo as 9,00 horas do día 15.05.2024 reúnense os membros do tribunal cualificador seguidamente relacionados, designado por resolución da alcaldía do 15.11.2023, e cuxa composición foi publicada no BOP do 21.11.2023 e na páxina web e taboleiro de edictos do Concello.

Asisten os seguintes membros:

Presidente: José Alberto Iglesias Fungueiriño.

Secretario: Javier Nieves González.

Vogais:

- Ignacio Soto González.

- Mónica Neira Mato.

- Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum esixido pola base 6 para a válida actuación do tribunal, procédese á realización do terceiro exercicio da fase de oposición, dando comezo ás 9,10 horas.

Realizouse o chamamento para a realización do 3º exercicio, téndose presentado da lista de aprobados do 2º exercicio, as seguintes persoas:

APELIDOS E NOME
ARIAS CARRIBA, MÓNICA
FERNÁNDEZ ABAD, INÉS

Sendo as 13,10 horas remata a realización do exercicio.

A continuación e sendo as 13,15 horas o tribunal procede á avaliación do terceiro exercicio da fase de oposición.

Avaliados os exames consonte co disposto na base 8.2.c), os aspirantes presentados obtiveron as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	Puntos
ARIAS CARRIBA, MÓNICA	7,50
FERNÁNDEZ ABAD, INÉS	7,50

O tribunal por unanimidade, acorda:

1º) Publicar as puntuacións obtidas na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, dispoñendo os aspirantes dun prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación para formular reclamacións/alegacións respecto dos resultados e cualificacións obtidos consonte co disposto na base 8.2.

Presentación:

- De forma presencial no Rexistro deste Concello e/ou nos demais lugares previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- De forma telemática, previa identificación electrónica, a través da sede electrónica que se atopa na páxina web municipal www.concellodebrion.gal

2º) Ao ter acreditado as dúas aspirantes estar en posesión do curso de perfeccionamento ou Celga 4 de lingua galega esixido na convocatoria, declarase a exención da realización dese exercicio obrigatorio.

E non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión sendo as 14,20 horas, de todo o que se levanta a presente acta que en proba de conformidade asinan os asistentes, de todo o que como secretario certifico.